



PROGRAMA ELECTORAL DE NÓS, CANDIDATURA GALEGA. ELECCIÓN XERAIS 2015

ÍNDICE

- 1. Limiar**
 - 1.1. A soberanía, condición indispensable para mudar a situación de Galiza**
- 2. Economía ao servizo das persoas**
 - 2.1. Un concerto económico para a Galiza**
 - 2.2. Un modelo de financiamento acaído para os concellos galegos**
 - 2.3. Política orzamentaria**
 - 2.4. Unha nova fiscalidade ao servizo da Galiza e das clases populares**
 - 2.5. Emprego estábel e de calidade**
 - 2.6. Sistema público de pensións e seguranza social**
 - 2.7. Enerxía**
 - 2.8. I+D+i**
 - 2.9. TIC**
 - 2.10. Favorecer que o aforro galego se traduza en crédito ao tecido produtivo do país**
 - 2.11. Política industrial: pór o noso país a producir**
 - 2.12. Medio Rural**
 - 2.13. Pesca**
 - 2.14. Infraestruturas e transporte**
- 3. Defensa das institucións de autogoberno, racionalización administrativa e do gasto público**
- 4. Servizos públicos de calidade**
 - 4.1. Educación**



- 4.2.Sanidade
- 4.3.Protección social
- 4.4.Vivenda
- 5. Deporte
- 6. Cultura e patrimonio
- 7. Lingua Galega
- 8. Democracia de calidade, control democrático e participación social
 - 8.1.Poder xudicial
 - 8.2.Dereito á Información
 - 8.3.Laicidade
 - 8.4.Relación entre a sociedade a as persoas que a representan
 - 8.5.Control democrático
 - 8.6.Transparencia
 - 8.7.Participación social
 - 8.8.Reforma da Lei electoral
 - 8.9.Control público
 - 8.10.Liberdades individuais e dereitos civís
- 9. Aposta pola igualdade de dereitos entre mulleres e homes, desde unha chave feminista e transformadora
- 10.Dereitos LGBTI
- 11.Políticas para a mocidade
- 12.Medio Ambiente
 - 12.1.Compromiso coa defensa dos animais
- 13.Defensa dun ideario antiimperialista, pola paz mundial e a convivencia dos pobos e as nacións
 - 13.1.Galiza, terra de acollida



Unha nación é soberana e ten dereito a organizarse autonomicamente, sen máis límites que os derivados do respecto ao dereito igual das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviña. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en Estado independente.

Castelao, Sempre en Galiza

1. LIMIAR

Nós Candidatura Galega reúne unha pluralidade de forzas políticas galegas e multitude de persoas sen militancia política para sumar enerxías co obxectivo de defender os intereses da maioría social da Galiza. E faino nun contexto de brutal deterioro da situación económica, social e política do noso país. As políticas de destrución do noso tecido produtivo están levando ao paro, á ultraprecariedade laboral e ao empobrecemento de moitas persoas, ao tempo que expulsan á emigración unha gran parte da xente moza e non tan moza. As nosas capacidades -construídas con enorme esforzo- e as nosas potencialidades están a ser desaproveitadas e mesmo destruídas por decisións políticas alleas aos nosos intereses colectivos como pobo.

As políticas neoliberais e centralizadoras impostas desde Bruxelas e Madrid, coa colaboración submisa da Xunta de Galiza, están deseñadas ao servizo da gran banca, dos grandes lobbies empresariais da construción, eléctricas, da distribución e das concesións. Estas políticas veñen destruindo boa parte do noso tecido produtivo, de sectores básicos e estratéxicos, ameazando o emprego presente e futuro, recortando e privatizando servizos públicos, atacando dereitos sociais e laborais, pondo en grave risco conquistas históricas. As consecuencias de medio prazo desas políticas antisociais e recentralizadoras reclaman unha urxente e contundente resposta de país, de todos os sectores sociais que están a ser vítimas desas políticas e que constitúen a inmensa maioría da nosa sociedade.



Por iso moitas persoas apostamos por sumar forzas arredor de **Nós Candidatura Galega** para defender os nosos intereses como nación, para conseguirmos unha potente representación nas Cortes españolas que permita visibilizar os nosos problemas e alternativas, que permita negociar coas mans libres cos demais grupos parlamentares para darlles a volta ás políticas e colocar os intereses e propostas galegas nos debates e na acción de goberno.

Nós Candidatura Galega é a esperanza e garantía de que os problemas dos galegos e galegas, os problemas da Galiza como pobo, van estar presentes nas Cortes. E, tendo en conta a segura ausencia de maiorías na vindeira lexislatura, o noso grupo terá ocasión de facer valer os votos de galegas e galegos para mudar a realidade que hoxe padecemos. En favor das maiorías, en favor da xustiza social, a prol da Galiza como pobo.

Para darnos pasos firmes nesa dirección temos que mudar o actual marco político. Frear as políticas devastadoras da nosa economía require dotar a Galiza de capacidade de decidir sobre todas as cuestións fundamentais de que depende o aproveitamento dos nosos recursos, do noso aforro, do coñecemento e a experiencia das persoas formadas e cualificadas. Precisamos soberanía para podermos decidir e, para comezar, temos que impedir a recentralización que está levando a cabo o goberno central desde a etapa de Aznar e que se radicalizou nesta última lexislatura do PP. Temos vontade de reverter ese proceso e romper co molde da Constitución de 1978.

A Constitución española de 1978 naceu nun contexto político non democrático, controlado desde a propia ditadura. De aí que o seu contido fose o produto da concepción imperante dunha “España única e indivisible” e, por tanto, non incluíse a existencia doutras nacións que non sexan España e doutros pobos que non sexan o español.

Na Galiza hai máis de século e medio que está ergueita a reivindicación nacional e o dereito internacional consagra o Dereito de Autodeterminación. A nosa tarefa é que esa aspiración e ese dereito democrático sexan plenamente recoñecidos. Facérmolos con todos os resortes para rexer o



noso destino é unha condición para que o noso país teña futuro, venza as forzas do declive, se desenvolva e cree condicións de vida digna na Terra para as novas xeracións. Precisamos urxentemente esas ferramentas para gobernarmos o noso futuro.

Con ese obxectivo e con todas as forzas que nos dea o noso pobo imos a estas eleccións xerais coa aspiración de termos un grupo propio no Congreso. Queremos que os intereses inmediatos e estratéxicos estean presentes, cunha representación xenuína e sen ataduras como é a de **Nós Candidatura Galega**. A vindeira lexislatura será unha oportunidade para romper o molde pechado da Constitución española de 1978 e queremos que a Galiza contribúa con forza a esa mudanza.

A actual crise evidenciou aínda máis, o carácter prexudicial e dependente que representa a Constitución española e o seu desenvolvemento por medio do marco autonómico. É tan débil a garantía das competencias incluídas no Estatuto que son constantemente invadidas, condicionadas, cando non baleiradas de contido, por decisións que toma o goberno español ou a Unión Europea. En vez de nos servir para eliminar os efectos perniciosos desta crise e da nosa dependencia secular afogaron calquera sinal de desenvolvemento económico, social, cultural e lingüístico que equiparase a nosa nación a outros territorios en termos de renda, servizos ou crecemento autocentrado.

É evidente que hoxe en día o debate esencial que terá de abordar o novo parlamento español é, inevitabelmente, o que ten a ver cos dereitos das nacións, a Galiza ten de estar presente e non ficar atrás. Nese sentido, a posición estratéxica a defender por Nós Candidatura Galega debe ser clara: a Galiza non só debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación senón que debe ter tamén a posibilidade de o exercer. É precisamente por iso que **NÓS** defenderá a ruptura democrática para que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio. A asunción da soberanía política é premisa básica para que calquera proceso político posterior de articulación institucional (Estado independente, Confederación de Estados...), que **Nós Candidatura Galega** non prexulga neste momento, parta da decisión libre e



non condicionada do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares.

E, neste contexto, a convocatoria das eleccións xerais para o 20 de decembro é unha boa oportunidade para acrecentar a conciencia e o traballo a prol dunha soberanía que nos faga enfrontar a dependencia e a subordinación, principais causas da situación crítica que padecemos como pobo. Velaquí o noso obxectivo: conformar unha candidatura galega de amplo espectro social que recolla o legado da representación nacionalista existente até o de agora por ser este o instrumento máis válido, a ferramenta que permitirá situar a Galiza no lugar que lle corresponde, con voz propia. Queremos converter a nosa nación nun actor principal na eventual recomposición do escenario estatal, á par e en pé de igualdade coas outras nacións do Estado no camiño de conseguir o dereito democrático fundamental de autodeterminación e o exercicio da súa soberanía plena.

1.1. A SOBERANÍA, CONDICIÓN INDISPENSÁBEL PARA MUDAR A SITUACIÓN DE GALIZA

Nós Candidatura Galega aspira a acadar a plena soberanía para o noso país. A nosa presenza nas Cortes do Estado estará guiada por este obxectivo. Somos unha candidatura ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas, do pobo galego, único suxeito ao que nos debemos para tomar decisións.

As nacións existentes no Estado español deben ter os mesmos dereitos que calquera outro pobo libre no concerto mundial. Son depositarias das mesmas liberdades. A libre determinación dos pobos, principio recoñecido polas Nacións Unidas -e tamén polo Estado español en distintos tratados vinculantes- é o camiño para instaurar unha verdadeira democracia, hoxe inexistente no Estado español, respectuosa cos dereitos das persoas e dos pobos, como algo inseparábel. É por iso que **Nós Candidatura Galega** defenderá o recoñecemento do exercicio libre e soberano do poder que lles corresponde ás nacións galega, vasca e catalá, sen ningún límite imposto polo Estado español.



Parece evidente que o principal problema a que se debe enfrontar o sistema é a reclamación das nacións dos seus dereitos colectivos, especialmente do dereito de autodeterminación e, en consecuencia, da asunción da propia soberanía. É claro que o marco xurídico-político constitucional fechou a porta aos dereitos nacionais, equiparando na práctica nacións a rexións a través do sistema autonómico. Hoxe, do mesmo modo que é evidente que o sistema autonómico non satisfai nin permite resolver os nosos problemas sociais e económicos, tamén o é que a reivindicación nacional -especialmente o proceso aberto en Cataluña- é o factor principal de ruptura co réxime de 1978.

Nese sentido, a posición estratéxica a defender por **Nós Candidatura Galega** debe ser clara: a Galiza non só debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación senón que debe ter tamén a posibilidade de o exercer. É precisamente por iso que **Nós Candidatura Galega** defenderá a ruptura democrática para que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio. A asunción da soberanía política é premisa básica para que calquera proceso político posterior de articulación institucional (Estado independente, Confederación de Estados...), que **Nós Candidatura Galega** non prexulga neste momento, parta da decisión libre e non condicionada do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares.

Reactivar sectores económicos estragados polas decisións de Madrid e Bruxelas, como o naval, a pesca ou o agro; crear e desenvolver outros con grandes potencialidades de futuro, como o tecnolóxico e o vinculado a actividades emerxentes; crear emprego e acabar coa emigración da nosa mocidade; garantir dereitos e servizos básicos como o a vivenda, a educación, a saúde ou a asistencia á dependencia; promover a plena normalización da nosa lingua; explorar a inmensa potencialidade creadora -mesmo económica- da nosa cultura... só o poderemos facer se somos nós a decidir, se os galegos e galegas contamos cos mecanismos políticos e institucionais que nos permitan resolver exclusivamente en función do que ao pobo galego interesar. É dicir, se temos soberanía.



A actual crise evidenciou aínda máis, o carácter prexudicial e dependente que representa a Constitución española e o seu desenvolvemento por medio do marco autonómico. É tan débil a garantía das competencias incluídas no Estatuto que son constantemente invadidas, condicionadas, cando non baleiradas de contido, por decisións que toma o goberno español ou a Unión Europea. En vez de nos servir para eliminar os efectos perniciosos desta crise e da nosa dependencia secular afogaron calquera sinal de desenvolvemento económico, social, cultural e lingüístico que equiparase a nosa nación a outros territorios en termos de renda, servizos ou crecemento autocentrado.

A voz propia de Galiza, a que **Nós Candidatura Galega** representa, actuará no escenario da política estatal, guiándose polos obxectivos devanditos, e defendendo a existencia de Galiza, do pobo galego, os seus dereitos e intereses, moi en especial os do pobo traballador, en calquera debate aberto sobre os dereitos das nacións que hoxe conforman o Estado.

2. ECONOMÍA AO SERVIZO DAS PERSOAS

A actual crise económica non foi creada pola cidadanía, é un produto da desregulación financeira que permitiu que uns poucos se enriqueceran grazas ao traballo colectivo da maioría. Unha vez que estourou a crise, os **governos do PSOE e do PP** levaron a cabo políticas concretas para empobrecer a maioría da poboación e beneficiar uns poucos: **privatizar as ganancias, socializar as perdas**. É por iso que mentres os salarios caen, a precarización aumenta e as cifras do desemprego e da emigración son críticas, as maiores fortunas e empresas do IBEX35 concentradas en Madrid teñen beneficios nunca vistos.

Foi o Estado español o que rescatou a banca cos nosos recursos, mentres aplicaba medidas contrarias aos intereses xerais. Do mesmo xeito, desmantelouse o sistema financeiro galego mentres se garantía a supervivencia doutras entidades, como Bankia, por ser consideradas



“sistémicas”. **A Galiza non conta nos plans do Estado; por iso temos que poñela no mapa.** Esta situación provoca que na actualidade a Galiza expulse aforro, en lugar de o reinvestir nas nosas necesidades. Somos dos pobos máis afectadas pola crise e, aínda por riba, drenamos recursos ao exterior.

Por iso, **Nós Candidatura Galega** aposta por desenvolver un modelo económico ao servizo das maiorías sociais, da creación de emprego digno e benestar social, construída desde unha alternativa en función da nosa propia realidade e do avance na capacidade de decidir libremente en todas as materias.

2.1. UN CONCERTO ECONÓMICO PARA A GALIZA

No ano 2014 estaba prevista a revisión do actual sistema de financiamento. Porén, o inmovilismo do goberno impediu avanzar na súa reforma. Se o Estado español é relativamente descentralizado no gasto, é **fortemente centralizado nos ingresos**, e exerce un férreo control sobre os ingresos recadados polas “comunidades autónomas”. **A Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía**, como a sanidade ou a educación; porén, no actual contexto, impídeselle deseñar un marco fiscal acaído para estas tarefas.

Exixiremos ao Goberno Central a apertura da negociación dun **novo sistema de financiamento, que para a Galiza sexa baseado no modelo de concerto**, que inclúa a atribución de plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados na Galiza, contando cunha Axencia Tributaria galega. Este modelo incluírá a “internalización” do financiamento das nosas entidades locais.

2.2. UN MODELO DE FINANCIAMENTO ACAÍDO PARA OS CONCELLOS GALEGOS

A insuficiencia financeira que padecen os concellos ten un carácter estrutural, e foi agravada pola crise económica. Moitos deles teñen na actualidade



grandes dificultades para atender os servizos públicos. Asemade, a **supeditación das finanzas locais ao dogma de contención rigorosa do déficit público**, elevado agora a doutrina constitucional, sacrifica a capacidade de endebedamento dos entes locais, inclusive cando esta é destinada a obter os concellos recursos para investimento produtivo e social.

Esta situación de insuficiencia é agravada no caso dos concellos galegos, porque os criterios empregados para a distribución dos fondos económicos non inclúen as particularidades territoriais galegas, como a dispersión, e si premian outras alleas á realidade galega, como a concentración da poboación. Así, **un concello galego recibe de media 196 euros por habitante mentres que no conxunto do Estado español a media ascende a 245 euros.**

En tanto o financiamento local non estea integrado nun novo modelo de financiamento para a Galiza, e coa finalidade de proporcionar máis recursos aos concellos galegos, demandaremos unha **reforma do actual modelo de financiamento local, que teña en conta os maiores custos da prestación dos servizos derivados da realidade galega.** Deste xeito deberán adoptarse os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e que esta se transfira á Xunta de Galiza, para que sexa a administración galega a que realice o reparto destes fondos entre os concellos.

2.3. POLÍTICA ORZAMENTARIA

A política orzamentaria e o teito de gasto na Administración Central do Estado español está totalmente condicionada pola doutrina do déficit cero imposta por Bruxelas, impondo os límites de débeda e de déficit baixo a filosofía emanada do Tratado de Maastrich. O Estado español asumiu esas imposicións coa reforma do artigo 135 da Constitución española e a posterior Lei de estabilidade orzamentaria. Así, antepúxose o obxectivo de consolidación fiscal aos de políticas de estímulo do crecemento e da cohesión social. Mediante as citadas reformas, restrinxíuse enormemente a autonomía financeira das comunidades autónomas, xa que o déficit máximo



permitido é imposto polo Estado español, o que supón tratar a Galiza como unha simple descentralización administrativa, o mesmo que ocorre coas entidades locais.

Para alén disto, os límites impostos non se adaptan á estrutura do gasto público que deben asumir as autonomías. O estado central ten a responsabilidade de xestionar pouco máis do 50% do gasto público, mais resérvase para si o 78,6% do déficit, nun claro exemplo de recentralización da estrutura do Estado. Así, **Nós Candidatura Galega** impulsará as seguintes medidas:

- Exixir ás institucións europeas unha mudanza na súa doutrina do “déficit cero”, demandando marxes máis flexíbeis para a consolidación fiscal.
- Derrogar a normativa que impulsa a doutrina do “déficit cero” e que limita a autonomía financeira de comunidades autónomas e entidades locais.
- Suprimir de xeito inmediato os Programas Nacionais de Reformas que o Estado español eleva ante a Comisión Europea.
- Revisar e cancelar a débeda contraída de forma ilexítima e do artigo 135 da Constitución española que sacraliza o seu pagamento por riba das necesidades e intereses populares e galegos.

2.4. UNHA NOVA FISCALIDADE AO SERVIZO DA GALIZA E DAS CLASES POPULARES

Apostamos por **un modelo de financiamento baseado no concerto económico**, que garanta que a Galiza teña plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados no noso país. Mentres non academos este modelo, defenderemos as seguintes propostas fiscais, baseadas nos criterios de **progresividade, equidade e xustiza**.

O **actual sistema fiscal é inxusto**, centralista e discriminatorio coa Galiza, a contribución impositiva recae sobre os impostos indirectos ao consumo e ás



rendas do traballo, fronte ás de capital, nun escenario onde estas últimas teñen un peso cada vez maior no PIB.

Esta situación agrávase coas **elevadas cifras de fraude fiscal** existente no Estado español, que GESTHA, o sindicato de persoal técnico de Facenda, estima en torno a un 23% do PIB, mentres que a media da Unión europea se sitúa nun 13%. Ademais afirman que o 71,8% corresponde á evasión e fraude fiscal das grandes fortunas, corporacións empresariais e grandes empresas, por tanto, é fundamental adoptar as medidas necesarias para loitar contra a fraude fiscal.

É necesario acometer unha completa reforma fiscal cos seguintes obxectivos:

- **Incrementar a capacidade recadadora do sistema tributario**, de xeito que se obteñan os recursos económicos achegando máis quen máis ten, para asegurar o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade.
- **Avanzar na xustiza do sistema fiscal**, impulsando a redistribución da renda e riqueza como ferramenta na corrección das desigualdades.

Así, esta reforma levará adiante, entre outras, as seguintes modificacións:

- Mudanza do IRPF con novos tramos para as rendas máis altas e mellora na progresividade da tributación.
- No Imposto de Sociedades, establecerase un tipo do 35% para as bases impoñíbeis que superen os 100 millóns de euros, isto é, **empresas que teñan grandes beneficios**.
- As empresas con actividades de explotación na Galiza mais domicilio social noutras comunidades terán que tributar aquí.
- Canto ao IVE, levaremos a cabo as seguintes medidas:
- **Rebaixa dos tipos impositivos xeral e reducido, ao 16% e 7%** respectivamente, restituíndo deste xeito os tipos impositivos existentes antes da suba que impulsou o Goberno español.
- **Tributación ao tipo do 4% de todos os bens e prestacións de servizos ligados á cadea alimentaria, cultura, a factura da luz e produtos de hixiene íntima** que aínda tributan a outros tipos superiores.



- Rebaixa de tipo para aqueles que foron incrementados nesta lexislatura: cultura, salóns de peiteado e de beleza, etc.
- **As persoas autónomas non tributarán taxas fixas**, senón un gravame variábel en función dos ingresos, fomentando a redistribución e non afogar ás persoas autónomas de baixos ingresos.
- **Desaparición das SICAV.**
- Exixirase o pagamento das débedas que os clubs deportivos, nomeadamente os de fútbol, teñen contraído coa administración tributaria e coa Seguranza Social.
- Suprimiranse os incentivos fiscais aos plans privados de pensións.
- Ademais, deben afrontarse **medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal**, así como en xeral a economía soterrada, cun plan de actuación específico, que inclúa modificacións lexislativas e incremento da inspección, para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores que facilitan a fraude fiscal.

2.5. EMPREGO ESTÁBEL E DE CALIDADE

A crise económica e o contexto de desemprego masivo foi aproveitado polo goberno do Partido Popular para afondar nunha lesiva reforma laboral que supuxo un novo avance na precariedade laboral. Esta reforma súmase á aplicada polo anterior Goberno do PSOE, e ambas acrecentaron a desregularización e flexibilización das condicións de traballo, a xornada laboral, a precariedade, o paro e a centralización; reduciron os salarios e a negociación colectiva. O paro produce situacións de emerxencia, conducindo a numerosas familias á exclusión social. Alén diso, Galiza percibe uns salarios medios dos máis baixos do Estado español. En concreto, **o salario medio (bruto) na Galiza é 500 euros máis baixo do que se percibe en Madrid.**

Desde **NÓS Candidatura Galega** apostamos pola xeración de emprego digno e estábel, xestionando desde a Galiza as políticas de fomento do emprego e da formación continua. Apostamos igualmente por un marco galego de relacións laborais que protexa os dereitos das traballadoras e dos



traballadores coa finalidade de evitar a abusiva proliferación da contratación en condicións precarias. Para isto propomos:

- **Derrogar as últimas reformas laborais.**
- Mudar o réxime das relacións laborais, retomando unha **regulación máis equitativa**, para asegurar que a contratación indefinida sexa a regra xeral, reducindo as modalidades de contratación temporal, restrinxindo a contratación a tempo parcial e suprimindo os contratos laborais en precario.
- Restaurar os dereitos adquiridos ante o despedimento improcedente e nulo, impulsando as reformas precisas para que o Estatuto dos Traballadores restabeleza con carácter xeral a indemnización de 45 días por ano de servizo.
- **Transferir todas as políticas de fomento do emprego e formación continua á Galiza**, co obxectivo de adaptar plenamente a estratexia de estímulos ao emprego ás peculiaridades socioeconómicas do noso país.
- Traspasar as competencias legislativas plenas en materia laboral e de negociación colectiva, para poder decidir sobre os aspectos económicos e laborais que nos afectan e ter un verdadeiro marco galego de relacións laborais, o que contribuirá a mellorar as condicións de traballo e de traballadores e traballadoras.
- Diseñar **políticas de fomento do emprego xuvenil estábel** e nunhas condicións laborais dignas.
- Aplicar un **salario máximo** que non poderá ser superior en 10 veces o salario medio do Estado español.
- Mellorar a prestación por desemprego, incremento da prestación asistencial e ampliación a aqueles colectivos máis desprotexidos.
- Converter o “subsídio por esgotamento da prestación contributiva con responsabilidades familiares” ou axuda familiar para desempregados, nunha Renda de Garantía por Desemprego de carácter universal para todas as persoas en procura activa de emprego e que rematasen a súa prestación contributiva.
- Incrementar o Salario Mínimo Interprofesional para que garanta unhas condición de vida dignas.



- Homologar de xeito efectivo o recoñecemento a recibir subsidio por desemprego para os integrantes do Réxime Especial de Traballadores /as Autónomos/as nas mesmas condicións que o Réxime Xeral.
- Suprimir as empresas de Tráballo Temporal.
- Reducir a xornada laboral co propósito de acadar a xornada de 35 horas semanais.
- Apoiar pública e decididamente o emprego a través da potenciación do emprego autónomo, en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais, así como promover, difundir e fomentar o cooperativismo e a economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.
- Modificar a lexislación para asegurar un **marco galego de relacións laborais**, potenciando a negociación colectiva a nivel galego.
- Derrogar a Reforma da Lei de Mutuas aprobada polo PP, que constitúe unha nova agresión aos dereitos sociais, por afondar na privatización do sistema da seguraza social e da sanidade, primando os intereses económicos sobre os dereitos da clase traballadora.
- Modificar a regulación sobre os expedientes de regulación de emprego, de xeito que se impida a súa aplicación en empresas con grandes beneficios.
- Aplicar un plano global contra a sinistralidade laboral que comprenda o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de sinistralidade.
- Aumentar os medios da Inspección de Tráballo para loitar contra a precariedade, a fraude masiva na contratación e de seguraza social, abusos na xornada laboral, etc. Transferir a Inspección de Tráballo a Galiza.

2.6. SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS E SEGURANZA SOCIAL

As sucesivas reformas regresivas sobre as pensíons e a seguraza social reduciron e empeoraron o acceso ás pensíons contributivas, atrasando a idade efectiva da xubilación, rebaixándoa aos que acceden ao sistema, conxelándoa e incrementándoa por baixo do IPC, actuando con maior



virulencia na Galiza por termos as pensións máis baixas de todo o Estado español e a poboación máis avellentada. Por iso, propomos:

- Traspasar a Galiza a competencia da xestión do réxime económico da Seguranza Social previsto no Estatuto de Autonomía.
- Aplicar o superávit da Seguridade Social á dotación do Fondo de Reserva e á mellora da acción protectora do sistema.
- Derrogar as reformas das pensións.
- Mellorar as pensións do nivel contributivo e non contributivo da Seguranza Social e do réxime especial, revogando as reformas de extensión da idade de xubilación e o período de cálculo da pensión.
- Lograr o dereito a unha pensión mínima igual ao salario mínimo interprofesional.
- Revalorizar as pensións, como mínimo cada ano, igual ao IPC.
- Estabelecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e voluntaria con 35 anos cotizados.
- Eliminar as discriminacións ou penalizacións existentes nas condicións legais de acceso á pensión daquelas persoas empregadas a tempo parcial.
- Conseguir pensións dignas (como mínimo iguais ao SMI) para as persoas con diversidade funcional imposibilitadas para traballar.
- Recoñecer un salario de inserción laboral para todas as persoas que non cobraren ningún tipo de prestación económica.

2.7. ENERXÍA

Un elemento fundamental para entender o desenvolvemento económico galego ten a ver coa xestión enerxética. Entendemos como piares básicos desta xestión o **aforro enerxético**, o **descenso do impacto medioambiental**, a **soberanía enerxética**, o **control social dun sector estratéxico como o enerxético e a electricidade como ben básico para a cidadanía**. Por tanto, facemos as seguintes propostas:

- **Tarifa eléctrica galega.** A Galiza, como nación excedentaria na produción eléctrica, vese obrigada a pagar o mesmo que outros



lugares do Estado español, aínda tendo uns custos de transporte moito menores e sufrindo un forte impacto ambiental derivado dos encoros primeiro e das centrais térmicas despois. Vistas as circunstancias, é de xustiza que poidamos pagar pola nosa factura da luz o que nos corresponder.

- Continuar a transformar o actual mix eléctrico cara ás **enerxías renovábeis**. A produción limpa e sustentábel ten que ser unha prioridade da política enerxética, en particular en relación á enerxía eólica, como aposta estratéxica da Galiza en materia de xeración.
- Desenvolver inmediatamente un plan de choque ante o inminente peak oil (punto máximo atinxíbel pola extracción mundial de petróleo, a partir do cal comezará o irreversible devalar da súa dispoñibilidade), baseado en políticas de I+D+i encamiñadas á redución de consumo de combustíbeis fósiles e á aplicación de políticas de aforro enerxético en todos os ámbitos sociais e económicos. Estas medidas son indispensábeis para reducir a nosa dependencia de enerxía primaria e asumir que os recursos son finitos, camiñando cara a un escenario de **soberanía enerxética**.
- Prohibir a técnica da fractura hidráulica (fracking) así como calquera técnica similar utilizada para a investigación e futura explotación de xacementos de hidrocarburos non convencionais, pola súa perigosidade para o ambiente e a saúde das persoas. Recuperar as competencias para prohibir o fracking, competencias invadidas polo recurso do goberno central (apoiado polo Tribunal constitucional) contra as normas autonómicas que o prohibían.
- Derrogar o “imposto ao sol” e impulsar medidas que apoiem o **autoconsumo**, favorecendo a produción de proximidade e beneficiando ás unidades autoconsumidoras. Ao mesmo tempo, favorecerase a existencia de unidades produtoras de electricidade que contribúan a diluír o actual oligopolio eléctrico, en particular, ás **cooperativas de consumo e produción enerxética e ás empresas municipais e locais de produción renovable**.
- Desenvolver un estudo das concesións para a explotación dos encoros coa visión da **recuperación pública dos nosos recursos**. Moitas destas concesións foron concedidas durante o franquismo e provocan enormes beneficios ás grandes empresas eléctricas, cando



deberían ser recuperadas como base para a creación dunha **empresa pública galega en materia de enerxía**.

- Mudar as poxas por interrompibilidade, pois só provocan inseguranza nos custos a medio prazo das grandes consumidoras de electricidade e poñen en risco a viabilidade tamén do emprego.
- Oporse a calquera intento de construción de novas plantas nucleares, ou prórrogas das xa existentes.

2.8. I+D+i

Nos últimos anos vivimos como o Estado español, e a Galiza en particular, **reducían os seus recursos en materia de I+D+i**. Así, o diferencial histórico cos países da nosa contorna nesta materia viuse agravado durante a crise económica. Nun contexto como o actual, precisamente o investimento en I+D+i garante unha transformación do modelo produtivo para alén da construción e o turismo, xerando valor engadido e fixando emprego en diversos sectores.

A Galiza destina menos dun 0'8% do PIB á I+D, mentres o Estado español dedica un 1,25% e a media da UE28 supera o 2%, segundo datos do Eurostat. E o que é peor, mentres durante os anos da crise a UE destinou cada vez máis fondos á I+D, tanto o Estado como a Galiza viron como se reducían os investimentos. No ano 2013 volvemos ao nivel do ano 2003 en canto á diverxencia coa nosa contorna, unha década perdida.

Do mesmo xeito, a Galiza conta cunha cifra de persoal investigador moi baixa e decrecente, xerando un foco de emigración especialmente de xente moza moi formada, nun proceso de fuga de cerebros que hai que conseguir paralizar. Ante esta situación, propoñemos:

- **Xestionar directamente desde a Galiza as políticas de I+D+i**, incluída a política de bolsas de formación (FPI, FPU...)
- **Incrementar inmediatamente os recursos públicos para a investigación**, camiñando cara ás cifras medias da Unión Europea e o obxectivo de en 10 anos chegar ao 3% de investimento en I+D+i.



- Incrementar a política de bolsas para a formación investigadora. En particular, **duplicarase as axudas FPU**, recortadas durante o goberno do PP, que serán xestionadas polas CCAA.
- Desenvolver políticas encamiñadas **a fomentar a I+D+i privada**, vía políticas fiscais.
- Mudar o fuso horario galego ao GMT 0, como nos corresponde pola nosa posición xeográfica, e promovendo un aforro enerxético importante para o país.

2.9. TIC

O traballo de **Nós Candidatura Galega** nas Cortes estará orientado a promover a universalización no territorio galego do acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) do conxunto da poboación e das pequenas e medianas empresas, como medio para fomentar a cohesión social e a prosperidade económica.

- Transferir as competencias en materia de espazo radioeléctrico e concesión de licenzas de telecomunicación de ámbito autonómico.
- Derrogar a recente lexislación lesiva da liberdade de expresión e da privacidade na rede, e introducir garantías no referido á actuación dos servizos de intelixencia e seguranza do Estado español na violación do segredo das comunicacións. Defender a neutralidade da rede.
- Revisar a lexislación sobre protección e retención de datos persoais así como a súa aplicación por parte das administracións públicas e entidades derivadas, con especial atención aos datos de carácter persoal relacionados coa área sanitaria e farmacéutica.
- Restaurar o dereito á copia privada e á redistribución de contidos dixitais, exclusión do software como materia patentábel, e xestión de biopatentes compatíbeis cun desenvolvemento sustentábel.

2.10. FAVORECER QUE O AFORRO GALEGO SE TRADUZA EN CRÉDITO ÁO TECIDO PRODUTIVO DO PAÍS



A reforma financeira impulsada polos gobernos do PSOE e do PP tivo como consecuencia para a Galiza a perda da vinculación das caixas co seu territorio, para unha posterior bancarización e como último paso, a venda a prezo de saldo das outrora caixas galegas, nun proceso de claramente centralista e privatizador.

Os datos sobre a evolución dos depósitos e dos créditos amosan que, desde 2009, houbo unha evolución moi negativa entre os aforros depositados polos galegos en entidades financeiras na Galiza, e o que invisten estas entidades na economía do país, levando unha parte importante dos depósitos captados no noso país para fóra, singularmente cara a Madrid. Así, a **Galiza presenta en todo o Estado español a peor relación entre créditos** (o que se inviste para reactivar a economía) **e depósitos** (os aforros de galegos e galegas), agravándose desde que comezou a reestruturación bancaria. **Un 25% do aforro galego -14.000 millóns de euros ao ano- emigra para apoiar investimentos fóra da Galiza.**

Por outra parte, observamos como a Comunidade de Madrid, a pesar de ser onde estoupou o principal escándalo e burato financeiro ao recibir a maior parte do rescate público do sector financeiro, ten a mellor relación de crédito per cápita. Foi Madrid xustamente a comunidade que, xunto co País Vasco (que neste caso mantivo entidades financeiras propias) tivo unha mellor evolución do seu crédito. Á vista dos datos podemos concluír que **o proceso de reestruturación bancaria tivo como consecuencia evidente a centralización e a concentración bancaria e financeira**, favorecendo os intereses das elites políticas e económicas radicadas na capital do Estado español, sendo a Galiza o territorio máis prexudicado neste proceso.

É tamén precisa unha regulación máis ambiciosa do sector financeiro, supervisando con maior rigor entidades e axentes financeiros, **limitando movementos especulativos de capital e supeditando a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva**. As restricións no acceso ao crédito, aínda persistentes, son un importante lastre para iniciar a xeira da recuperación e o crecemento económico. As medidas de saneamento do sector financeiro non foron satisfactorias, polo que desde o



ámbito público cómpre ir máis alá, **impulsando a banca pública e novas fórmulas de participación pública**, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país. Estas será as medidas que impulsaremos:

- Intensificar a regulación do sector, non só da perspectiva da relación e información a persoas usuarias, senón sobre todo de establecer desde o ámbito público a orientación cara a investimentos produtivos estratéxicos e a introdución de regras claras e precisas que limiten a especulación financeira.
- Respetar o dereito do noso país para posuír unha Banca Pública Galega.
- Defender as competencias galegas de ordenación do crédito.
- Devolver integramente as cantidades estafadas a pequenos/as aforradores/as mediante produtos tóxicos e complexos, como as preferentes ou subordinadas.
- Implantar unha fiscalidade sobre a actividade financeira: impulso á creación dunha taxa, de ámbito internacional, que grave as transaccións especulativas, non vinculadas ao financiamento da economía real (taxa Tobin), e a un gravame sobre os grandes beneficios da banca privada.
- As axudas e achegas do Estado español a entidades financeiras estarán ligadas á toma de participacións no seu capital. Con iso levarase a cabo un control efectivo que permita a restauración do crédito ao tecido produtivo e á economía doméstica.
- Introducir regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.
- Aprobar normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas aos usuarios, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.
- Estabelecer garantías para a devolución das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras, así como revisar as condicións



de concesión para vincular os fondos recibidos á reactivación do crédito.

2.11. POLÍTICA INDUSTRIAL: PÓR AO NOSO PAÍS A PRODUCIR

Desde o estoupido da burbulla financeiro-inmobiliaria e o agravamento da crise económica o Estado español insistiu unha e outra vez na necesidade do control do gasto público imposto pola Unión europea. A crise financeira foi transmutada polo goberno español en crise de débeda soberana. Salvar o sistema financeiro español obrigou a emitir uns 100.000 millóns de € de débeda adicional que levaron a débeda total a unha cifra do 100% do PIB, pondo o estado nunha situación moi perigosa.

A Galiza continúa a ser un país excedentario en enerxía cun potencial pesqueiro, agro-forestal e industrial que precisa transformación e que non pode materializarse sen a achega de financiamento externo. Por iso debe afrontar en materia industrial unha política de transformación e consolidación dos seus sectores produtivos estratéxicos ameazados de obsolescencia e debe dar pulo aos novos sectores industriais que han marcar o futuro do país, por medio dun decidido impulso ás políticas de investigación e innovación.

En definitiva, necesitamos unha economía competitiva apoiada desde as institucións e desde o mundo financeiro, xestionada **directamente desde a Galiza**. Apostamos por unha economía que poida xerar unha mellora da riqueza nacional a longo prazo e que permita recuperar emprego de calidade, aumentar a demanda interna de xeito sostíbel e cortar a sangría da emigración. Esa política debería conter na nosa opinión as seguintes medidas:

Políticas Sectoriais. Saneamento dos sectores industriais en crise (conserva, lácteo, forestal, pedra, naval...) e unha política real de reindustrialización baseada no impulso á industria auxiliar, na optimización dos custos loxísticos e no apoio aos sectores industriais emerxentes **e a I+D+i.**



Apoio á internacionalización. A política industrial debe apoiar de xeito decidido a internacionalización tanto dos sectores produtivos como das empresas. Esta política debe instrumentalizarse tanto en forma de servizos de asesoramento, como de apoio económico ás empresas máis innovadoras, mais nunca con políticas de deslocalización.

Apoio ás PEMES, ás persoas autónomas e ao pequeno comercio. Todos estes sectores teñan problemas de financiamento derivados da inexistencia de estados contábeis que sexan de fiar e do deficiente funcionamento dos instrumentos públicos de garantía. Desde a administración debe potenciarse a expansión e dotar de máis fondos as Sociedades de Garantía Recíproca, facilitarse por medio das cámaras de comercio cursos e posta en practica de sistemas de mellora na xestión, de adecuación tecnolóxica e de avaliación da conveniencia de expansión, diversificación ou penetración en novos mercados.

Ademais, debería favorecerse unha fiscalidade favorábel para estas empresas. En concreto propomos:

- Reducir o tipo impositivo para microempresas de até 5 traballadores/as e un máximo de 2 millóns de euros de facturación.
- Rebaixar a cota até o 20% para PEMES con 50 ou menos persoas empregadas e un máximo de 12 millóns de euros de facturación.
- Rebaixar o tipo impositivo das cooperativas até o 12%.
- Rebaixar o tipo das Mutuas de Previsión Social até o 20%.

Unha política real de impulso ao sector naval. A construción naval, que chegou a pesar un 10% no PIB galego, esmorece hoxe nos seus núcleos principais, as rías de Vigo e Ferrol. As operacións de venda de activos realizadas na Ría de Vigo a operadores estranxeiros (Barreras a Pemex e Rodman e Metalships & Docks a China Sonangol), non se traduciron en incrementos reais de actividade. Na Ría de Ferrol Navantia Ferrol esmorece sen contratos, tanto no eido militar como na fábrica de turbinas, e sobrevive apenas na actividade no departamento de reparacións.



No ámbito da construción naval civil e no da súa industria auxiliar precísanse políticas de financiamento reais. Un novo *tax lease* equiparábel ao doutros países europeos como Holanda, un plan de recapitalización de empresas un novo modelo de garantías e o desenvolvemento de novos produtos de financiamento específicos.

No caso da construción naval pública é imprescindible recuperar unha certa autonomía que permita unha xestión máis territorializada e descentralizada das plantas de Navantia en Ferrol e Fene, un rexuvenecemento dos cadros de persoal dos estaleiros e das súas auxiliares e un plan xeneralizado de formación das novas incorporacións nos procedementos de fabricación e control propios da industria *offshore* no estaleiro de Fene e na súa industria auxiliar.

2.12. MEDIO RURAL

As políticas estruturais, españolas e comunitarias, someteron o sector agrogandeiro galego a un profundo proceso de reconversión, con perda significativa de capacidade produtiva e de emprego agrario, provocando un gravísimo problema de demográfico e desertización do medio rural.

A defensa e ampliación da capacidade de decisión galega neste ámbito é fulcral. Así, defenderemos nas Cortes do Estado español a adopción das seguintes medidas:

- Respetar e reforzar a capacidade galega para decidir sobre a regulación, no sector lácteo, dun sistema de prezos digno e transparente, garantindo a estabilidade e viabilidade das explotacións.
- Pór fin á discriminación que sofren labregas e labregos galegos a respecto do apoio público estatal á actividade agraria. En concreto, defenderemos a atribución á Galiza da capacidade para aplicar as axudas directas da PAC, co fin de as adecuar ao modelo de produción específico do noso país.
- Incluír as infraestruturas de regadíos do Val de Lemos, Terra Cha e A Limia nos planos de actuación estatal neste ámbito, coa dotación precisa.
- Recoñecer legalmente as explotacións familiares galegas no marco do acceso aos beneficios fiscais incluídos no marco das explotacións agrarias prioritarias.



- Impedir a invasión competencial española sobre o sector da viña e do viño.
- Mellorar os seguros agrarios para explotacións gandeiras.
- Permitir a aprobación na Galiza dun Plano Forestal propio, acaído á nosa realidade, e non subordinado ás directrices españolas.
- Fomentar a economía social. Apoiar o movemento cooperativo e a explotación comunitaria da terra.
- Ceder a propiedade dos terreos baldíos e montes de titularidade estatal á Xunta de Galiza.
- Apoiar os circuitos curtos de comercialización e de transformación por parte dos e das propias agricultoras e agricultores. Apostar pola produción diferenciada e de calidade.
- Reclamar, no que ten a ver coas comunidades de montes veciñais en man común, o recoñecemento da propiedade comunal distinta da privada e da pública, aplicándoselle unha fiscalidade propia elaborada desde a Galiza tras a consulta directa co sector.
- Eliminar as restricións á etiquetaxe en galego dos produtos agro-pecuarios non tradicionais.
- Eliminar a normativa aprobada polo PP nesta lexislatura que obriga ás organizacións interprofesionais a ser estatais e impide as organizacións só galegas.

2.13. PESCA

O sector pesqueiro e marisqueiro galego sempre ocupou un lugar residual no ámbito da política estatal, a pesar de ser a Galiza a primeira potencia de Europa no complexo mar-industria: captura de peixe, extracción de marisco (en cantidade e calidade), tamaño de frota, poboación dependente desta actividade, produción conserveira e mexilloeira (1ª potencia europea), etc. A pesar das excepcionais condicións naturais do litoral galego -únicas a nivel mundial- son as trabas políticas impostas desde Madrid e Bruxelas as que coutan o noso desenvolvemento neste ámbito e provocan perda de postos de traballo no mar e despece e exportación de embarcacións pesqueiras. Así, defenderemos nas Cortes do Estado español as seguintes alternativas:



- Modificar o principio de estabilidade relativa, que substitúa o actual sistema de capturas de TAC e cotas por outro que garanta a actividade económica e o mantemento dos postos de traballo e que blinde os dereitos de pesca artesanal evitando a concentración oligopolista.
- Reivindicar os dereitos de pesca para os mariñeiros e non para os armadores, con un modelo de reparto xusto, en función de criterios socioeconómicos e sustentábeis. Reclamamos unha cota galega de acordo ao número de embarcacións e empregos. Exiximos igualmente a transferencia directa dos fondos FEMP, a xestión do caladoiro galego e o traspaso de taxas, inspeccións, certificados, etc que cobra o Estado español relacionados coa actividade pesqueira.
- Garantir a presenza galega na política exterior no que atinxe a pesca. Impedir que nos tratados pesqueiros entre a UE e terceiros países, a Galiza sexa moeda de cambio: acordo con Mauritania, Marrocos,... Exixir a aplicación dos mesmos estándares de calidade, de seguranza alimentaria, e de orixe da pesca na importancia de peixe espada, tabeiróns, conservas e outros produtos derivados do atún, así como de cumprir escrupulosamente coas mesmas medidas de protección social e de seguranza no traballo que cumpre a nosa industria.
- Recoñecerlle á Galiza capacidade para modificar o carácter finalista de fondos estruturais, destinando ao desenvolvemento deste sector produtivo fondos hoxe dedicados ao subsidio do despece e exportación de buques, reconversión de mariñeiros, construción de portos deportivos ou plantas acuícolas.
- Traspasar á Galiza os servizos, funcións, medios, recursos e persoal correspondentes aos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo, na Coruña, así como as correspondentes ao Instituto de Investigación Mariñas en Vigo.
- Demandar un espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira, instando a transferencia á Galiza das competencias sobre os portos de interese xeral do Estado: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Ferrol-San Cibrao; Salvamento marítimo, seguranza e loita contra a contaminación mariñas; Navegación marítima e mariña mercante; Investigación oceanográfica; Investigación hidrográfica;



Inspección de buques; Control de importacións; Dominio público marítimo e marítimo-terrestre e Mar territorial (12 millas)

- Rematar coa discriminación no acceso dos autónomos do sector (baixura e marisqueo a frote) a unha xubilación digna.
- Recoñecer os dereitos sociolaborais a mariscadoras a pé e redeiras.
- Recoñecer o dereito a votar por parte dos mariñeiros galegos embarcados nas frotas de altura e grande altura.

2.14. INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE

A Galiza presenta un atraso histórico na dotación de infraestruturas básicas, polo que é preciso impulsar as infraestruturas comprometidas. Ademais, faise necesario tamén que o noso país acade as competencias necesarias en materia de infraestruturas de transporte, para unha acaída vertebración territorial do noso país. Por último, o accidente de Angrois amosounos a crúa realidade que padecemos canto á seguranza ferroviaria, un ámbito en que exixiremos a súa mellora. Así, as propostas de **NÓS Candidatura Galega** serán as seguintes:

- Demandar o remate das infraestruturas ferroviarias que permitan vertebrar a alta velocidade na Galiza e a modernización da nosa rede ferroviaria: a conexión por alta velocidade coa meseta, a plena execución do Eixo Atlántico coa construción dos treitos pendentes Ferrol - A Coruña e Vigo - Tui; así como a adecuación a altas prestacións ferroviarias do treito Lugo – Ourense, A Coruña – Lugo e Monforte - Ponferrada.
- Constituír no Congreso unha Comisión de Investigación sobre o accidente de Angrois que, sen ningún límite e con independencia, determine as responsabilidades políticas deste terríbel sinistro e propoña as medidas necesarias para evitar que un accidente destas características se poida repetir.
- Asegurar a adecuación a altas prestacións ferroviarias da rede interna de Galiza que permita dotar dun servizo ferroviario de calidade que conecte todas as cidades de Galiza.



- Traspasar a Galiza os trens rexionais e de proximidade, coa dotación orzamentaria necesaria, para a implantación de servizos de proximidade.
- Garantir que as vías e os trens de alta velocidade contén coas condicións de seguraza e seguridade acaídas: sistema ERTMS, sinalización correcta, etc.
- Garantir unha solución real e efectiva ao grave problema de seguridade viaria na A-8.
- Terminar o porto exterior da Coruña, coa execución das conexións tanto viarias de alta capacidade como ferroviarias.
- Transferir a Galiza a competencia sobre as autoestradas AP-9 (Ferrol-Tui) e AP-53 (Santiago-Ourense), coa finalidade de acabar cunha política de peaxes abusiva e avanzar cara a súa supresión. Rescatar con fondos estatais, como se fixo nas autoestradas madrileñas, a concesión das autoestradas.
- Transferir a Galiza as estradas pertencentes á Rede de estradas do Estado que transcorren integramente por territorio galego.
- Reclamar a transferencia da competencia sobre os aeroportos galegos a Galiza, para a xestión integral dos mesmos co fin de artellar un sistema aeroportuario integrado galego, baseado na especialización e complementariedade dos tres aeroportos galegos.
- Por outra banda, as políticas que fomenten o transporte público e o seu uso por parte da poboación deben ser incentivadas decididamente. Entre estas destacan:
 - Impulsar os medios de transporte menos contaminantes.
 - Deseñar plans de transporte público metropolitano con acceso ás subvencións estatais.
 - Fomentar a intermodalidade, que terá un carácter estratéxico. Demandaremos a dotación de conexións ferroviarias os principais portos galegos, e de estacións intermodais as cidades galegas ligadas á implantación da alta velocidade ferroviaria.
 - Fomentar un modo de vida saudábel tamén en materia de transporte, promovendo o transporte a pé e o uso de bicicletas, revisando o marco normativo actual, garantindo a seguraza en



bicicleta e fomentando unha planificación descentralizada dos desprazamentos interurbanos en bicicleta.

3. DEFENSA DAS INSTITUCIÓNS DE AUTOGOBERNO, RACIONALIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DO GASTO PÚBLICO

A austeridade no gasto público foi empregada como pretexto para abordar recortes en dereitos e conquistas sociais, no canto de ser dirixida á redución da burocracia administrativa e á racionalización e **eliminación de duplicidades no aparato burocrático administrativo da Administración Central do Estado español**. Propomos:

- **Suprimir ministerios con competencias transferidas ás comunidades autónomas, así como delegacións e subdelegacións do Goberno**, e transferir os servizos da administración periférica non asociados a competencias exclusivas do Estado español ás comunidades autónomas.
- Impulsar un novo modelo de administración local, apostando pola **supresión das deputacións provinciais** en beneficio dos concellos e as “comunidades autónomas”, que asumirían as súas competencias.
- Reducir o gasto corrente non asociado aos servizos administrativos (atencións protocolarias, parque móbil, gastos de desprazamento, publicidade institucional) en todas as administracións, empresas e entes públicos e altos órganos consultivos.
- Acometer unha **estratexia de redución do gasto militar**, especialmente en gasto corrente, investimentos en armamento e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro. En particular, paralizar a investigación militar para destinar estes fondos a políticas de I+D con obxectivos civís, en particular sanitarios.
- Substituír os efectivos da policía nacional e da garda civil na Galiza na perspectiva de dotación dun sistema galego de seguranza en materia de protección, tráfico, emerxencias, vixilancia medioambiental e do litoral.



- Implantar ferramentas informáticas baseadas en **software libre** e non privativo no ámbito da administración, empresas e entidades públicas.
- Derrogar a *Lei de acción e do servizo exterior* aprobada neste mandato que somete a tutela estatal as viaxes comerciais e culturais exteriores das autoridades autonómicas e as oficinas comerciais exteriores
- Eliminar os poderes excepcionais atribuídos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que lle permiten recorrer e paralizar xudicialmente a normativa autonómica (ambiental, lingüística, de seguraza..) argumentando que impide a unidade do mercado español.

4. SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

Todo modelo social que procure unha maior distribución da riqueza e da igualdade social ten que garantir uns servizos públicos, universais e gratuítos, pois só así é posíbel construír unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria. Os servizos públicos son os alicerces que toda sociedade democrática necesita. Uns servizos públicos fortes, de calidade, universais, gratuítos e cos recursos necesarios poden mitigar o sufrimento das persoas e das familias en risco de exclusión. Por tanto, propomos:

- Uns servizos públicos de calidade, universais e gratuítos, con recursos e persoal suficiente para que cubran as necesidades da totalidade da sociedade.
- O investimento necesario para fortalecer, mellorar e ampliar os servizos públicos e sociais, destinando como mínimo a media da porcentaxe do PIB que destina a UE para este fin, imprescindible para garantir dereitos fundamentais como son a sanidade, a educación, pensións, vivenda, atención ás persoas dependentes e prestación por desemprego.
- A supresión da taxa de reposición de efectivos fixada centralizadamente polo estado para controlar e impedir pola vía da ausencia de persoal a prestación dos servizos públicos. A administración galega terá plenas competencias para fixar a oferta de emprego e transformar o traballo



temporal en estábel en todos os ámbitos, incluída a administración local, Universidades e servizos públicos en xeral.

- A restitución dos dereitos laborais, profesionais e salariais das empregadas e empregados públicos (pagas extras completas, 100% das retribucións por incapacidade temporal (IT) etc.), así como a garantía de manter o poder adquisitivo dos salarios.
- Suprimir a invasión competencial no ámbito local que propiciou a *Lei de reforma e sustentabilidade local* para privatizar servizos públicos e eliminar as políticas sociais municipais.

4.1. EDUCACIÓN

A crise económica foi o pretexto para asestar numerosos e graves ataques ao ensino público. As políticas neoliberais aplicadas aumentaron a privatización e a mercantilización do ensino. Suprimíronse máis de 3000 profesoras e profesores, desentendéronse da atención á diversidade, reducíronse os orzamentos para educación, minguaron as bolsas e axudas ao estudo, incrementáronse os custos de matrícula e de taxas universitarias. Foi unha constante a falta de profesorado, de postos escolares no primeiro ciclo de Educación infantil e na Formación profesional e os abundantes recortes limitaron o dereito á educación e á igualdade de oportunidades.

O actual sistema educativo emana do Estado centralista que, mediante o artigo 3 e 27 da Constitución española, asegura a privatización, a confesionalidade e a españolización do ensino. O Estado continúa reservándose numerosas competencias, sobre todo agora coa interpretación da LOMCE, o que impide conformar un sistema educativo propiamente galego. Por tanto, propomos:

- Suprimir os artigos 3 (linguas) e 27 (educación) da Constitución española. Cómpre termos poder de decisión para programar, ordenar e planificar un sistema educativo galego inserido na nosa realidade social, económica e cultural, en función das nosas necesidades e carencias e ao servizo da transformación e desenvolvemento da Galiza.



- Pular por un modelo educativo fundamentado no dereito universal á educación de cero a 18 anos e obrigatoria de 3 a 18 anos, sustentado nunha única rede de ensino, a pública, que ofrezca suficientes recursos materiais e humanos para a atención á diversidade e cunha suficiente e variada oferta educativa en todas as etapas que atenda ás necesidades e intereses do alumnado e da sociedade galega, contando ademais con servizos complementarios, recursos educativos, material escolar e actividades extraescolares gratuítas. Un ensino público, galego, laico, coeducativo, gratuito e democrático.
- Derrogar a LOMCE e transferir todas as competencias en materia educativa, para poder elaborar os plans de estudo e os deseños curriculares e para organizar todas as ensinanzas.
- Defender inequivocamente o ensino público e, por conseguinte, eliminar os concertos educativos dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, así como do concertos educativos no ensino non obrigatorio, co obxecto de promover a súa supresión en todos os niveis educativos.
- Apostar por un ensino laico. A materia de Relixión non formará parte do currículo escolar, xa que é incuestionábel que a difusión da fe relixiosa corresponde ao ámbito privado e familiar.
- Dotar o sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando polo crecemento dos orzamentos destinados á educación para dedicarlle, como mínimo, o 7% do PIB.
- Arbitrar os mecanismos necesarios para que os centros que imparten as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á universidade, a fin de que o alumnado obteña a titulación de grao.
- Estabelecer a elección democrática e directa das direccións dos centros de ensino non universitarios, por parte do consello escolar.
- Transferir as competencias plenas para a elaboración de plans de estudo e deseños curriculares na formación profesional, para a súa vinculación co sistema produtivo máis próximo.
- Transferir á Galiza o Programa Educa3 de fomento da Educación infantil, incrementando as prazas e a construción de escolas infantís para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral de nais e pais desde un punto de vista educativo e non asistencial.



- Defender unha reforma da normativa de universidades (LOU) que defina claramente o modelo de universidade pública e elimine enfoques centralizadores e privatizadores. Transferir as competencias sobre avaliación de profesorado ás comunidades autónomas.
- Incrementar o financiamento das universidade públicas, tomando como referencia o 1.5% do PIB, para evitar que inicien unha senda de privatización encuberta, e favorecer a participación dos proxectos de investigación universitarios nos programas de I+D+I.
- Transferir á Galiza as competencias e medios materiais da Universidade a Distancia (UNED), da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das entidades dependentes do Centro de Investigacións Científicas.
- Transferir a competencia da xestión e concesión de bolsas e axudas ao estudo do MEC, incluídas as de mobilidade.
- Modificar os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudo de maneira que non imposibiliten o alumnado con menor poder adquisitivo acceder á universidade.
- Derrogar o R/D 43/2015 polo que se modifican os plans de estudo das ensinanzas universitarias, que a ser de 3 anos de grao e 2 de mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e expulsar as clases populares da Universidade.
- Derrogar o Decreto-lei 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, por encarecer as taxas universitarias e a matrícula na Universidade, reducir profesorado e incrementar as ratios.
- Conxelar as taxas universitarias no primeiro ano para conseguir reducir á metade o seu valor nos vindeiros 4 anos.

4.2. SANIDADE

Na liña do resto dos servizos públicos na sanidade perden fundamentalmente as persoas e colectivos máis vulnerábeis. Perda do dereito á universalidade sanitaria, introdución de novos copagos para toda a poboación, redución de prestacións, redución de persoal, falta de renovación tecnolóxica, incremento



substancial das privatizacións retratan estes anos do goberno español e galego. No plan de estabilidade 2012-2015 do goberno español fixaron o obxectivo de reducir o gasto sanitario ao 5,1% do PIB, partindo dun 6,5% no 2011. A redución orzamentaria e a concepción da sanidade como área de negocio explican os recortes e a súa aplicación fundamentalmente sobre a poboación máis fráxil e vulnerable. Por tanto, propomos:

- Dereito universal á sanidade pública. Supresión do copago e da restrición do acceso á atención sanitaria.
- Derrogar as normas aprobadas polo Partido Popular para recentralizar as decisións sanitarias e acabar coa universalidade no acceso (cartilla sanitaria para inmigrantes e persoas sen experiencia laboral) e con prestacións básicas (vacinación, prevención do cancro...).
- Garantir o financiamento suficiente da sanidade pública, incrementando significativamente o valor dos parámetros de dispersión e envellecemento da poboación e asegurando maior racionalidade no gasto farmacéutico, así como asegurar a participación galega na decisión da fixación do prezo dos medicamentos. Neste sentido, o medio de asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario e de reducir as desigualdades sanitarias é a priorización de políticas preventivas de saúde pública e a posta en marcha de políticas de mellora dos determinantes sociais da saúde tanto a nivel galego como local.
- Reforzar o carácter público da sanidade e reducir as súas posibilidades de privatización, mediante unha modificación da Lei 15/97, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema de Saúde, que asegure que a titularidade, o financiamento, a xestión e a provisión de servizos sanitarios se fará con entidades exclusivamente públicas.
- Garantir a gratuidade dos medicamentos a persoas sen recursos, e desaparición de toda mención ao repago sanitario.
- Reforzar as áreas máis deficitarias do sistema coa potenciación da atención primaria, a elaboración e financiamento dun plan estratéxico de saúde mental e manexo de condutas aditivas e dos servizos de coidados paliativos e de asistencia a unha morte digna.



- Incorporar progresivamente a asistencia odontolóxica gratuíta até os 18 anos, a prescrición pública de próteses removíbeis e a incorporación de novas prestacións, como a podoloxía, con financiamento público en función da renda.
- Afondar na mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, incrementando o catálogo de prestacións a novas especialidades médicas e farmacolóxicas, tendo en conta como base a evidencia científica e o criterio de rendibilidade social e de sustentabilidade do sistema sanitario.
- Dotarnos de capacidade normativa e financeira para asegurar a capacidade docente e investigadora do sistema educativo e sanitario en saúde, con coordinación entre a Universidade e o SERGAS, así como con estabilización do persoal investigador.
- Integrar a sanidade penitenciaria no sistema nacional de saúde e transferencia ao Sergas
- Recoñecer como negligencia as persoas superviventes de poliomielite nos anos 1957 a 1964, coas indemnizacións correspondentes. Recoñecer a Síndrome Pospolio como invalidez absoluta.
- Eliminar o límite máximo de 40 anos para o acceso á reprodución asistida na sanidade pública, así como todas as discriminacións en materia afectivo-sexual neste servizo.

4.3. PROTECCIÓN SOCIAL

É nos Servizos Sociais onde debe ficar incluída a promoción da autonomía e a atención á dependencia, tamén a inclusión social e a elaboración e seguimento dos plans de acompañamento social das rendas mínimas de inserción.

Do mesmo xeito cómpre conceder a máxima importancia ao liderado do público e a súa complementariedade co Terceiro Sector, sen pasar dos dereitos sociais á beneficencia.

As leis ditadas polo goberno do PP (*Lei de racionalidade e sustentabilidade da Administración local 27/2013*, e da *Lei de estabilidade orzamentaria*



2/2012), focalizan nas administracións locais os seus esforzos de loita contra o déficit público, eliminando de facto a autonomía local e menoscabando as competencias de Galiza, Deste xeito, en vez de pular polo incremento da eficiencia do aparello administrativo, de reducir en custos de estrutura burocrática ou de introducir medidas de apoio á boa xestión económica local, procédese a reducir a capacidade de investimento das administracións locais, afectando sobre todo a servizos de benestar, que son intensivos en contratación de persoal (servizo de asistencia no fogar, escolas infantís municipais ou centros de atención ás persoas maiores, por exemplo) e que xeran impactos sociais e económicos locais positivos e altamente redistributivos. Por tanto, Propomos:

- Destinar os orzamentos necesarios para garantir a súa gratuidade e universalidade, impedir a súa privatización e desenvolver en toda a súa extensión a Lei de dependencia.
- Traspasar á Administración galega as competencias da xestión do réxime económico da Seguraza Social.
- Derrogar o *Real decreto 20/2012 de 3 de xullo sobre a Lei de dependencia* que incrementa o copagamento, amplía até dous anos o tempo nas listaxes de espera sen obriga ao pagamento da retroactividade, elimínase o pagamento da seguridade social ás persoas cuidadoras e atrasa a entrada no sistema ás persoas dependentes moderadas.
- Romper a tendencia decrecente da achega do Estado español ao *Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais en corporacións locais*.
- Incrementar o gasto global en protección social até atinxir, como mínimo, o gasto medio en protección social no conxunto da Unión europea.
- Reforzar o Sistema de Servizos Sociais aumentando as ratios de profesionais e garantindo a proximidade na atención.
- Restituír os niveis mínimos de consenso e financiamento do Plan Concertado.
- Modificar a *Lei de contratación pública* primando a calidade técnica sobre as propostas máis vantaxosas e primando, deste xeito, a



calidade na atención e a rendibilidade social. Igualmente facer efectivo que as concesionarias dos servizos respecten as condicións laborais dos/as profesionais.

- Derrogar a *Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración local*, fomentando que as competencias en materia de servizos sociais teñen sustento xurídico para seren prestadas desde a Administración local, garantindo así a eficiencia, a transparencia e a proximidade dos servizos sociais públicos.
- Aumentar a dotación económica da *Lei de dependencia* até o 50% que a propia lei pauta como contribución estatal.

4.4. VIVENDA

O dereito a unha vivenda digna é inherente á condición humana. Os poderes públicos teñen que promover as políticas necesarias para garantir este dereito a todas as persoas, prohibindo a especulación do solo como negocio lucrativo. Así, recollemos as propostas da sociedade civil en materia de vivenda:

- Reformar a lexislación hipotecaria para admitir a dación en pagamento retroactiva e a condonación da débeda.
- Suprimir de forma automática por parte das entidades bancarias e sen previa petición do titular das cláusulas abusivas polas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza da UE.
- Prohibir a execución de primeira e única vivenda.
- Garantiren os grandes propietarios de vivenda (banca, entidades financeiras, entidades de xestión de activos, inmobiliarias...) un alugueiro social sobre o seu parque de vivenda baleira.
- Regular o prezo dos alugueiros, que nunca serán superiores ao 30% da renda sempre que se cobre máis do SMI, e nunca superior ao 10% se o valor é inferior, incluíndo os gastos de subministración.
- Prohibir cortar a subministración básica de auga, electricidade e gas a persoas en situación de vulnerabilidade. Nestes casos as propias empresas alugadoras terán que facerse cargo das subministracións.



5. DEPORTE

Nós–Candidatura Galega partilla a idea de promover unha mellora na calidade e vida das persoas a través do fomento dunha acción deportiva saudábel, de goce, diversa e para todas as persoas, que anime á participación nas actividades físico-deportivas, con especial fincapé na posta en valor de políticas de igualdade para as persoas e colectivos máis desfavorecidos na práctica deportiva. Máis tamén sabemos do valor simbólico do deporte como a expresión da existencia dos pobos. Por tanto, propomos:

- Demandar o traspaso a Galiza da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, territorializando as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución. O baleirado competencial deberá ir acompañado dunha redución de estruturas administrativa e política do CSD.
- Reclamar que as federacións galegas de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias en todo o relacionado coa articulación de cada un dos deportes na Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación deportiva e no apoio aos novos deportistas.
- Modificar a lexislación española para permitir a liberdade de asociación das federacións a outras entidades, federal ou doutro xeito, o nivel de Estado español, europeo ou mundial.
- Permitir a liberdade de elección para os/as deportistas galegos/as e do resto de nacións sen estado para representar a súa nación nas competicións internacionais.
- Articular a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións



deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de xeito directo.

- Avanzar cara a un mapa descentralizado de centros de alto rendemento deportivo, que permita dotar o noso país de instalacións de tecnificación deportiva avanzada, e evite deste xeito a emigración de deportistas.
- Establecer deducións fiscais na sección de imposto sobre a renda para os gastos de deporte derivado prescrición terapéutica.
- Establecer bonificacións do imposto sobre as sociedades para os gastos e patrocinio deportivo no campo do deporte non profesional.
- Crear un Regulamento da licenza de deportes obrigatoria que inclúa seguros de cobertura médica para todas as persoas practicantes de actividade física ou deportes organizados. Esta regulación deberá permitir mellorar a calidade da práctica e as garantías de protección risco a saúde.

6. CULTURA E PATRIMONIO

A política cultural deseñada e programada desde as institucións e administracións centrais ignora a diversidade cultural existente e inherente ao carácter plurinacional e pluricultural do Estado español. Esa liña de actuación reafirma a asimilación cultural, no canto de impulsar a pluralidade cultural, sendo ademais cada vez máis patente a innecesariedade de soste unha estrutura administrativa ministerial central para fomentar e promover expresións e manifestación culturais. É por isto que o primeiro paso no recoñecemento da realidade plurinacional do estado e da súa vixente pluriculturalidade, debe pasar pola supresión do Ministerio de Educación e Cultura, ao teren transferidas as competencias ás nacionalidades históricas.

Por outra banda, o Goberno español amosou unha ineficacia evidente cara a promover un debate sereno e tirar conclusións equilibradas e positivas para todos os sectores no que atinxe a difusión de contidos culturais a través das novas plataformas tecnolóxicas, compatíbel coa protección que merece a



protección dos dereitos de creadores/as e autores/as. Na actuación no eido cultural nas Cortes Xerais, **NÓS CANDIDATURA GALEGA** propondrá:

- Simplificar a estrutura administrativa no ámbito cultural, coa transferencia dos servizos e medios ás comunidades autónomas con culturas nacionais diferenciadas, o que incluírá o traspaso tanto de museos, arquivos, bibliotecas, infraestruturas culturais.
- Traspasar os fondos para apoiar a xestión e promoción das diversas manifestacións culturais.
- Xestionar desde a Xunta de Galiza a aplicación do 1% cultural destinado á rehabilitación do patrimonio histórico-artístico, para alén da protección pública e obriga de investimento para os elementos patrimoniais catalogados como patrimonio da humanidade e bens de interese cultural, con incremento das incoacións como bens culturais para o patrimonio etnográfico, antropolóxico e industrial.
- Promover a cultura galega no Estado español, así como incluír unha oferta cultural galega na promoción exterior (música, danza, teatro...)
- Financiar e apoiar a Academia Galega (RAG) equivalente aos das academias da lingua española, éuscara e catalá.
- Garantir a proxección obrigada internacionalmente por parte do Instituto Cervantes da lingua galega, especialmente nos países de Latinoamérica, Lusofonía e aqueles con nutrida presenza da emigración galega .
- Transferir á Xunta de Galiza para a súa recuperación para usos culturais, sociais e lúdicos os espazos militares en desuso.
- Reformar a vixente lexislación sobre propiedade intelectual, que dea pé á aprobación dunha nova regulación dos dereitos de autoría, que teñan en conta a realidade actual na difusión de contidos consonte as tecnoloxías dispoñíbeis, revise a retribución “por copia”, e implante unha nova protección dos dereitos de autores/as e creadores/as con base no diálogo e consenso dos sectores implicados.
- Incrementar a emisión de espazos culturais radiofónicos e televisivos de RTVE en galego, co obxectivo de acadar unha programación propia en Galiza e no exterior.



- Dignificar e recoñecer para as reivindicacións históricas do movemento memorialístico, seguindo as prescricións marcadas pola ONU ao Estado español.
- Dereito á verdade (traslado a Galiza e acceso pleno aos arquivos relacionados coa represión franquista), eliminación da impunidade (Lei de amnistía), reparación (políticas activas da memoria) e garantías de non repetición (programas educativos e actuacións para evitar o negacionismo e exaltación do réxime franquista).

7. LINGUA GALEGA

A realidade pluricultural e plurilingüe do Estado español nunha foi aceptada de facto polos poderes do estado, que deostan as linguas existentes diferentes do español. Coa firme vontade de promover unha mudanza real e radical neste ámbito, un cambio que respecte a pluralidade e fomente o coñecemento e a dignidade das diferentes linguas do Estado español, **Nós-Candidatura Galega** promoverá:

- Usar e garantir os dereitos lingüísticos do pobo galego nas institucións centrais do Estado español (*Cortes do Estado, Tribunal Constitucional, Tribunal de Cuentas, Defensor del Pueblo...*)
- Cumprir a *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias* e as recomendacións emanadas dos Comité de Expertos que realizan a avaliación do seu cumprimento.
- Garantir a atención en galego perante a administración do Estado español e entidades do sector público estatal, oral e escrita, ao longo de todos os procedementos administrativos.
- Garantir o apoio á lingua galega dos medios públicos audiovisuais de titularidade estatal, ampliando as bandas horarias de desconexión e que se ofrezca versión en galego de todas as películas, series de animación infantil e xuvenil e retransmisións deportivas.
- Acometer un plan de normalización lingüística na administración de xustiza, particularmente para garantir a efectividade do dereito a empregar a lingua en todos os procesos, a ser a lingua habitual por



parte das autoridades e funcionariado xudiciais ao longo dos procesos e nas súas comunicacións xudiciais, a poder realizar as inscricións rexistradas en galego e a incrementar a presenza da lingua galega nas escrituras notariais.

- Realizar unha actuación que corrixa toda a toponimia deturpada á versión oficial galega en todas as rotulacións, impresos, publicacións, páxinas webs institucionais dependentes do Estado ou das súas institucións.

8. DEMOCRACIA DE CALIDADE, CONTROL DEMOCRÁTICO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Construír unha democracia de calidade é un traballo colectivo e continuado que implica a toda a sociedade e require a participación de todos e todas. A participación social, a transparencia na xestión do público, a efectiva igualdade no exercicio dos dereitos políticos, son alicerces básicos dun sistema democrático que se poida definir como tal.

8.1. PODER XUDICIAL

- Promover a reforma xudicial para facela áxil, próxima, accesíbel, gratuíta e democrática.
- Limitar o dereito ao aforamento aos cargos públicos.
- Transferir a Galiza as competencias en materia de Xustiza, constituíndo un poder xudicial galego que teña no TSXG o seu máximo órgano xurisdiccional.
- Estabelecer a lingua galega como de uso por defecto na Administración de Xustiza tanto nas resolucións e trámites xudiciais como na relación cos e coas administradas.
- Modificar o tratamento penal para as persoas implicadas en casos de corrupción e afondar nas penas accesorias.

8.2. DEREITO Á INFORMACIÓN



- Garantir medios públicos non sometidos a control governamental. Consello de Administración máis profesionalizado e en que as persoas representantes dos partidos políticos non teñan maioría.
- Regular con base na independencia, publicidade, concorrencia e transparencia, as relacións e axudas aos medios de comunicación privados.
- Publicar o reparto de publicidade institucional por cabeceiras e os criterios polos que se rexe esta distribución.
- Disporen todos os medios de comunicación, polo menos na súa versión web, de información completa e de doado acceso sobre quen son os seus accionistas ou propietarios, a que grupo empresarial pertence, e que parte dos seus ingresos proceden de fontes públicas.
- Derrogar a reforma estatal do sector audiovisual que permiten privatizar as televisións autonómicas.

8.3. LAICIDADE

- Eliminar a referencia á Igrexa católica na Constitución española.
- Derrogar os Acordos Igrexa-Estado de 1979.
- Modificar a lei de Facendas locais para que todos os bens patrimoniais inmóbeis da Igrexa católica poidan ser sometidos polos concellos a tributación no imposto de bens inmóbeis.
- Revisar os procesos de inscrición de bens realizados fraudulentamente pola igrexa ao abeiro da potestade habilitada polo goberno Aznar para inscribir como propiedades (a través dos bispos, que actúan como se fosen notarios), miles de edificios, fincas, templos etc.
- Aprobar unha lei que regule a non presenza de simboloxía relixiosa en actos oficiais e dependencias das administracións e institucións públicas.
- Romper lazos privilexiados con estados de carácter relixioso como o Estado do Vaticano

8.4. RELACIÓN ENTRE A SOCIEDADE E AS PERSOAS QUE A REPRESENTAN



- Facer público todo cargo representativo un enderezo electrónico que permita o contacto coas persoas que representa. Tamén terá perfís públicos e accesíbeis nas redes sociais.
- Garantir atender todas as demandas de entrevista, xuntanzas ou consultas que se realizaren a través de calquera medio.
- Publicar a axenda de todos os altos cargos, deputadas/os e senadoras/es. Información das persoas interlocutoras, o motivo da xuntanza, documentos tratados e o seu impacto na normativa final, se for o caso.
- Entender o cargo non só desde unha perspectiva institucional, senón en relación directa e constante coa sociedade e o asociacionismo colectivo.

8.5. CONTROL DEMOCRÁTICO

- Dotar de medios suficientes o *Tribunal de Cuentas* para o control das contas da administración e entes estatais e transferencia a Galiza das competencias de control dos entes locais e da Xunta.
- Publicar periodicamente o contido íntegro dos convenios asinados e as subvencións concedidas pola Administración estatal, con expresión de beneficiarios e contía económica.
- Reformar legalmente os indultos. Publicar argumentadamente todos os indultos tanto aprobados como rexeitados.
- Regular o lobby. Creación dun rexistro de “grupos de interese”, onde se rexistre toda persoa e en nome de quen se reúne con representantes políticos para influenciar nunha normativa ou nunha negociación de prezos de calquera tipo.
- Evitar a existencia de “portas xiratorias”. Publicar as aprobacións e denegacións de compatibilidade. Reforma da Lei de Conflitos de Interese para o incremento do “período de enfriamento” de 2 a 10 anos e aumento das sancións.
- Introducir incompatibilidades específicas para os altos corpos de funcionarios do Estado español (inspección de facenda, avogacía do estado...) que impida as portas xiratorias en empregados públicos con acceso a datos sensíbeis.

8.6. TRANSPARENCIA



- Todos os cargos públicos farán, ao comezar e rematar o mandato, declaración detallada de ingresos, bens e intereses. Calquera falsidade nos datos poderá dar lugar a consecuencias penais.
- Reforma da Lei de Transparencia do 2014, declarando o dereito a información como un dereito fundamental, eliminación de excepcións sen xustificación, simplificación do procedemento para as solicitudes, aprobación dun prazo máximo para que a solicitude chegue ao organismo competente.

8.7. PARTICIPACIÓN SOCIAL

- Publicidade de todos os proxectos legislativos con medios e prazos suficientes que permitan a participación de toda a sociedade, sobre todo dos colectivos que puideren estar interesados ou afectados directamente.
- Reforma da Iniciativa Legislativa Popular: redución do número de sinaturas necesarias para poder presentala, ampliación dos prazos para lograr as mesmas.
- Aprobación dunha nova lei sobre consultas públicas para reforzar a democracia directa, de xeito que se atribúa a posibilidade de convocar referendos a todas as administracións sobre asuntos da súa competencia.

8.8. REFORMA DA LEI ELECTORAL

- Garantir a condición da Galiza como circunscrición electoral propia.
- Posuír dereito a voto aos 16 anos.
- Eliminar as porcentaxes mínimas necesarias para entrar no reparto de escaños.
- Pór remate á Lei d'Hont como sistema de reparto de escaños. Defensa da proporcionalidade pura, que non beneficie aos grandes partidos.
- Garantir efectivamente o carácter secreto do voto, regulando a obrigatoriedade do voto en cabina en todos os colexios electorais, con exclusivo reparto de sobres e papeletas desde a mesa electoral, após a identificación do/a votante, coa conseguinte prohibición previa de reparto de papeletas e sobres de votación.



- Garantir debates en campaña e a súa composición.
- Obrigar á paridade de xénero nas listas electorais e en todos os organismos dependentes.
- Evitar o transfugismo, pois é o grupo político o que nomea e cesa representantes.

8.9. CONTROL PÚBLICO

- Reformar a Lei de Contratos do Sector Público, endurecendo as condicións que permitan substituír a actividade do sector público pola do privado. Sinaladamente en tipos de contrato tales como concesións, convenios e colaboración público-privada.
- Publicar completamente o Rexistro mercantil. Reformar o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil para a súa consulta gratuíta.
- Publicar a execución orzamentaria ao mesmo nivel que os orzamentos xerais. Desenvolver unha Comisión Parlamentaria que teña como obxectivo o seguimento da execución dos Orzamentos.
- Publicar desagregadamente os orzamentos e gastos en prevención e extinción de incendios, como mecanismo para coñecer os recortes nesta materia.

8.10. LIBERDADES INDIVIDUAIS E DEREITOS CIVÍS

- Derrogar, de xeito inmediato, a chamada “Lei Mordaza”.
- Revisar dos procedementos policiais e penais, tomando en consideración denuncias de diversas organizacións en defensa dos dereitos civís.
- Eliminar a reforma da *Lei de axuízamento criminal* que vai favorecer un punto final ás investigacións por corrupción coa introdución de prazos fixos para rematar as instrucións dos procesos.
- Regular o dereito á morte digna, coa despenalización da eutanasia.
- Finalizar a política de afastamento do lugar de condena do/a preso/a do lugar do seu domicilio ou arraigo. Reforma da LOXP que recolla este como un dereito subxectivo dos presos/as.
- Derrogar o réxime pechado.
- Derrogar a prisión permanente revisábel.



- Estabelecer límites no Código penal para garantir no artigo 76 do CP a efectividade dos máximos de cumprimento, no caso de varias condenas.
- Garantir a extinción das penas pendentes de cumprimento no momento de acadar un máximo de cumprimento de 20 anos.
- Garantir por lei a efectiva defensa xurídica dos presos/as nas cuestións de dereito penitenciario desde o primeiro instante (asesoramento para a queixa) por medio de quendas de oficio especializadas.
- Limitar a duración da detención ordinaria a 24 horas.
- Eliminar os preceptos que integran a chamada lei antiterrorista.
- Eliminar os supostos de detención incomunicada.
- Eliminar as competencias penais, incluídas as referidas a delitos de terrorismo da AN, agás as correspondentes aos supostos de xurisdición extraterritorial.
- Suprimir o delito de apoloxía, enaltacemento do terrorismo e resistencia.
- Diminuír a penalidade dos delitos de desordes públicas .
- Eliminar a xurisdición militar.
- Limitar a supostos absolutamente excepcionais da medida de internamento.
- Estabelecer por lei dun MNPT para centros de menores.
- Garantir por lei o dereito do/a menor a ser ouvido/a.

9. APOSTA POLA IGUALDADE DE DEREITOS ENTRE MULLERES E HOMES, DESDE UNHA CHAVE FEMINISTA E TRANSFORMADORA

A actual crise económica está a provocar un incremento das desigualdades e a aplicación de recortes no ámbito das políticas sociais. Estas decisións limitan o desenvolvemento de políticas sociais igualitarias e inciden negativamente na aplicación de medidas que erradiquen as discriminacións de xénero.

É un feito irrefutábel que **as mulleres padecen aínda unha gran desigualdade no mercado laboral**. Ademais de que a fenda salarial existente entre homes e mulleres se sitúa no 22%, non debemos esquecer que **a maioría das persoas que cobran o salario mínimo son mulleres**. De igual modo sucede co traballo a tempo parcial, practicamente configurado como unha típica «modalidade feminina», –o 76% deste tipo de traballo.



Estas desigualdades aumentan cando nos referirmos a profesionais altamente cualificadas, ou se se trata de empregos vinculados a xerencias empresariais, onde as mulleres apenas supoñen o 10% e perciben unha remuneración moito menor que a dos homes.

Nós Candidatura Galega aspira a xerar na Galiza un marco de libre decisión en materia de dereitos para as mulleres. Mentres este obxectivo non se verificar, defenderá no ámbito estatal que muden e melloren a situación das mulleres, que potencien a súa presenza activa nos distintos ámbitos da vida social e que favorezan as condicións persoais e colectivas que posibiliten ese cambio. Para conseguir isto proporemos as seguintes medidas:

- **Incrementar e mellorar os recursos e actuacións destinadas a avanzar na efectiva igualdade en todos os ámbitos sociais e económicos**, a fin de evitar que a actual crise económica e as políticas de recorte do gasto público, supoñan un retroceso na aplicación de políticas a prol da igualdade de xénero.
- **Igualar os dereitos de proxenitores biolóxicos aos de proxenitores adoptantes** respecto a cotizacións e prestacións da Seguranza Social.
- Igualar a prestación económica nas baixas por enfermidade común durante o embarazo as prestacións por suspensión de contrato por risco para o embarazo, igual que as baixas por enfermidade común que se produzan como consecuencia do parto e da lactancia.
- **Proporcionar unha renda durante os períodos de excedencia por coidado de fillos/fillas.**
- Compensar economicamente as nais/pais que reduzan a súa xornada laboral para o coidado de fillos/fillas.
- Ampliar os permisos retribuídos para acompañar nenas/nenos enfermas/os.
- Desenvolver o concepto de «deber ineludíbel de carácter público e persoal» a todo o que se desprenda de obrigas que emanen de deberes e dereitos ineludíbeis de patria potestade, garda e custodia de menores, etc.
- Realizar unha **avaliación rigorosa sobre a aplicación da Lei contra a violencia de xénero**, a fin de adoptar as modificacións que sexan



necesarias á vista da experiencia na súa aplicación, e detectar necesidades de **dotación de maior financiamento** para facer efectivas as súas medidas. Particularmente, defenderemos unha reforma da lei contra a violencia de xénero que desligue o acceso aos recursos e axudas destinadas ás mulleres que sofren violencia machista do recurso á vía penal, así como a implantación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.

- Trasladar ao goberno do Estado español a necesidade de modificar a *Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero* nos seguintes termos:
 - Introducir o termo Feminicidio e inicio dos traballos necesarios para o desenvolvemento dun Estatuto de vítima de Feminicidio.
 - Introducir no articulado da Lei un novo Título que defina a acreditación da situación de violencia machista nos seguintes termos:
 - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
 - Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - Calquera outra que se establecer regulamentariamente.
- Lexislar prohibindo a Garda e Custodia de calquera tipo, así como o Réxime de visitas a favor de maltratadores, cando hai indicios de maltratos, negligencia e/ou abusos.
- Desenvolver un corpo de avogados/as de oficio en materia de violencia machista.
- Dotar inmediatamente de medios e persoal especializado nos corpos policiais (as 24 horas do día e os 365 días do ano)



- Sancionar todos aqueles operadores, institucións, empresas que incumpran os protocolos e primas para aquelas que os cumpran.
- Cumprir a Lei e deixar de someter as Mulleres maltratadas a aceptación de mediación familiar contravindo a Lei Integral, baixo a ameaza de perder a Custodia dos seus fillos e das súas fillas.
- Garantir a perda da Patria Potestade para os maltratadores, sen dereito a visitas.
- Avanzar na aplicación da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo de xeito que se garanta a súa prestación no ámbito sanitario público.
- Asegurar o emprego dunha linguaxe non sexista nas publicacións, libros de texto, medios de comunicación social, dependentes da administración do Estado.
- Erradicar as mensaxes e programas nos medios de comunicación de marcado carácter sexista e ofensivo contra as mulleres, así como velar por información que protexa a intimidade das vítimas de violencia de xénero.
- Regular a prohibición da publicidade de contactos sexuais, por encubriren na maior parte dos casos organizacións de tráfico ilegal e explotación de mulleres, nos medios de comunicación social, públicos e privados, e en todo tipo de soportes.
- Reclamar a transferencia da Inspección de Traballo e Seguranza Social na Galiza, dotándoa de máis medios e liñas de actuación para inspeccionar a situación laboral nos segmentos de ocupación fortemente feminizados, así como dos mecanismos administrativos necesarios.

10. DEREITOS LGBTI

- Incorporar dun xeito real e transversal a diversidade afectivo-sexual na lexislación estatal, especialmente en materia de dereitos civís e política social.
- Promover a elaboración dun Protocolo estatal de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Modificar os convenios de adopción internacional subscritos polo Estado



español en canto discriminen por razón de orientación sexual.

- Promover programas formativos en clave LGTBIQ.
- Redimensionar os actos relacionados ao Día Internacional das Familias (15 maio) para abordar e visibilizar as realidades minorizadas.

11. POLÍTICAS PARA A MOCIDADE

A actual crise económica está incidindo en particular nas condicións de vida da mocidade. En particular, a xente moza vive unha situación moi complexa entre unha perspectiva de desemprego ou precariedade laboral e a emigración. A falta de posibilidades no noso país, unido a unhas perspectivas de futuro que non parecen mellorar fan preciso un desenvolvemento de políticas públicas que apoiem en particular esta parte da poboación.

Aspiramos a que Galiza poida xestionar a totalidade de políticas públicas para a mocidade, como mellor mecanismo para poder actuar sobre as problemáticas concretas da nosa mocidade, diferentes en múltiples cuestións ás do resto do Estado español. Mentres tanto, non renunciamos ao desenvolvemento de políticas en diversas cuestións:

- Diseñar políticas de fomento do emprego xuvenil co fin de crear emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, tendo como obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas e dos mozos galegos.
- Estabelecer a remuneración, co salario mínimo interprofesional, dos contratos formativos e de prácticas.
- Reestruturar a formación continua para adaptala á realidade sociolaboral da mocidade galega.
- Transferir a política de bolsas á Galiza. Revisar os criterios na concesión de bolsas de estudos co obxectivo de que se teña en conta a realidade socioeconómica da mocidade galega.
- Desenvolver un plan de choque para o retorno das persoas mozas emigradas por causa da crise económica, garantindo unhas condicións dignas de emprego.



12. MEDIO AMBIENTE

Desde **Nós Candidatura Galega** somos conscientes de que non é posíbel manter o actual nivel de consumo de recursos do noso planeta, promovido polo actual sistema económico. É por iso que a nosa acción política estará baseada en garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e tamén futuras. En particular, tomaremos parte activa na defensa de todas as medidas que combatan o cambio climático, unha ameaza para a nosa propia supervivencia como especie. Por tanto, propomos:

- Apostar por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico. Adaptar o modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles.
- Obrigar a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.
- Derrogar as reformas da Lei de Costas, de Responsabilidade Medioambiental, a nova Lei de Impacto Ambiental e a Lei de Parques Nacionais aprobadas esta lexislatura polo Congreso dos Deputados porque invaden competencias autonómicas.
- Cumprir escrupulosamente a lexislación medioambiental e de residuos. A día de hoxe o seu incumprimento é norma habitual sen ningún custo para o infractor.
- Traspasar as competencias sobre os Parques "Nacionais", Costas e Bacías Hidrográficas. Garantir as competencias de xestión autonómicas sobre o medio ambiente.
- Vetar o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino á alimentación humana e vexetal.
- Apoiar a xestión e ampliación das áreas protexidas da Rede Natura 2000, especialmente no medio mariño.
- Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.
- Pór en marcha plans de conservación das especies mariñas protexidas, con medidas que impliquen de xeito efectivo ao uso do medio e obtención de recursos.



- Pór en marcha labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e directivas europeas.
- Pór en marcha de medidas establecidas na Estratexia do Medio Mariño co fin da recuperación do estado do medio, conservación das especies e dos recursos.
- Anular a Autorización Ambiental Integrada, por incumprimento das normas do medio ambiente por altos índices de contaminación e, consecuentemente, denegar a concesión da renovación do complexo pasteiro nos terreos de dominio público marítimo terrestres de Lourizán na ría de Pontevedra.
- Demandar o saneamento integral das rías galegas, e dispoñer e equipar dunha rede de bases de loita contra a contaminación do medio mariño ao longo de todo o corredor marítimo fronte a costa galega.
- Demandar a xestión dun programa permanente de inspeccións e seguimento do estado e seguridade do vertedoiro con 140.000 toneladas de lixo nuclear na Fosa Atlántica a 600km da costa galega.
- Limitar e controlar estritamente a importación de especies foráneas, semente de moluscos, etc. para repoboación.
- Potenciar os ciclos pechados para a produción de especies autóctonas e a repoboación como método de recuperación de recursos.
- Recoñecer a propiedade comunitaria do monte.
- Dar continuidade na Galiza ao Parque Peneda-Gerês e establecer mecanismos de coordinación e convenios de colaboración. Transferilo cun orzamento estábel á Xunta de Galiza.
- Introducir as distintas variedades de eucalipto na Lei 42/2007 para ser considerada especie invasora, limitando o seu cultivo e plantación.

12.1. COMPROMISO COA DEFENSA DOS ANIMAIS

- Aplicar os convenios e tratados internacionais que supoñen unha mellora no eido da protección e do benestar animal.



- Prohibir todo tipo de acto de tortura contra os animais, en particular na tauromaquia na lexislación galega e eliminación das normas estatais que pretenden seguir apoiánda. En particular, derrogar a normativa que tenta blindar a pervivencia da tauromaquia e impedir a súa emisión en televisión, así como a presenza de nenos.
- Impulsar as alternativas ao uso de animais en toda clase de ensaios e experimentacións, apostando polos modelos xa validados no ámbito da Unión europea.
- Apostar polo diálogo e pola relación fluída entre o goberno e as organizacións para a defensa dos animais, como mellor garante de facer cumprir os seus dereitos.

13. DEFENSA DUN IDEARIO ANTIIMPERIALISTA, POLA PAZ MUNDIAL E A CONVIVENCIA DOS POBOS E NACIÓNS

Na era da globalización que non e máis que a marca amábel do imperialismo, as relacións internacionais caracterízanse polo dominio e a desigualdade causantes en moitos casos de pobreza e reparto inxusto de riquezas. Este poder xa non se exerce só por parte de estados senón cada vez máis por empresas transnacionais e organizacións internacionais de carácter financeiro (FMI, OCDE, OMC etc.) restando poder á democracia e ás institucións de representación popular.

A nosa loita política tamén contribúe a mudar a globalización por unha relación en pé de igualdade entre nacións, ademais de converter o noso país nun actor para a nivel internacional axudar a construír un modelo alternativo ao actual capitalismo transnacional cos demais pobos. Ao defendermos a soberanía do pobo galego reivindicamos tamén a necesidade de recuperarmos o respecto polo principio de soberanía e non inxerencia tamén para os demais.

Desde esta óptica universalista e internacionalista propomos:

- Reformular as funcións das Forzas Armadas para limitalas á única e exclusiva competencia de defensa do territorio de ataques exteriores



e impedir así a participación ou presenza en operacións de agresión a outros países.

- Revisar política de venda de armamento e reforzar o control parlamentario dos datos das exportacións en materia de defensa
- Retirar as tropas do Estado español en misións exteriores que comporten a ocupación ou agresión militar.
- Condenar enerxicamente Marrocos pola ocupación do Sáhara Occidental, instando a que o Estado español prema para se realizar o referendo de autodeterminación como garantías democráticas.
- Paralizar inmediatamente as probas de investigación con avións militares no aeródromo de Rozas.
- Recoñecer o Estado palestino
- Defender o financiamento en axuda exterior de carácter laico en actuacións de cooperación ao desenvolvemento que fornezan de coñecementos, investimentos e auxilio urxente aos pobos máis desfavorecidos.
- Favorecer a derogación de todos os tratados que constringen a liberdade de cada estado para definir a súa política económica, como as regras de límite de déficit ou de revisións de orzamentos estatais, as regras bancarias europeas e outras, substituíndoas polo respecto á soberanía dos Estados e a cooperación en igualdade
- Renegociar os acordos Schengen en favor dunha acción decidida a prol de novas políticas de migracións internacionais e co desenvolvemento, sobre todo cos países da contorna do mediterráneo. Do mesmo xeito, oposición frontal a calquera reforma regresiva en materia de dereitos e liberdades individuais e civís coa escusa de ameazas antiterroristas.
- Chamar á fin das agresións imperialistas, particularmente en Oriente Medio e o Norte de África. Defender unha saída decidida polos pobos respectivos e non polo capitalismo internacional.
- Defender a saída da OTAN e a disolución desta alianza militar do imperialismo

13.1. GALIZA, TERRA DE ACOLLIDA



- Defender no seo da Unión Europea unha política de migracións respectuosa co dereito de asilo político, dos dereitos sociais e laborais e do desenvolvemento dos pobos.
- Combater as causas radicais das migracións en masa, en especial as políticas neocoloniais e imperialistas no continente africano ou en medio oriente, as guerras, o saqueo dos recursos naturais, en definitiva inxerencia externa.
- Apoiar decididamente a políticas de asilo, en particular para as persoas que están a fuxir de conflitos militares.
- Eliminar os CIEs.
- Regular o carácter excepcional da sanción de expulsión e nunca cando a persoa acredite 18 meses de estadía (regular ou irregular) no territorio do Estado español.

Galiza, 23 de novembro de 2015.